

vota



EN GALIZA  
HAI ALTERNATIVA

EN CEDEIRA  
HAI FUTURO

M<sup>a</sup> XOSÉ RODRÍGUEZ PÉREZ



A maior prioridade para o BNG nestes difíciles momentos nos que nos atopamos é o **desenvolvemento económico local** polo que poñeremos todos os mecanismos necesarios para a creación de emprego. Xa está ben de programas imposibles que non teñen nada que ver coa realidade, o noso programa está elaborado con **proxectos reais**, co pé na terra, é o momento da honradez política, é o momento de **FAZER MÁIS CON MENOS** por todo isto os principais obxectivos a cumprir polo BNG son:

- Fomos quen de facer realidade o **polígono industrial da Trabe**, e agora trataremos de facilitar e potenciar o establecemento de empresas no mesmo. Sendo importante para conseguir isto a mellora das infraestruturas viarias, a conexión do polígono coa estrada de Ferrol e coa nova Vía da Alta Capacidade ou corredor costeiro que pasará polo Campo do Hospital.
- Crearemos un **viveiro de empresas** a través do que se dará apoio a novos emprendedores.
- Crearemos o **consello municipal de turismo** con dotación orzamentaria propia no que teñan cabida os hosteleiros e comerciantes (potenciaranse festas gastronómicas con produtos propios da nosa terra : percebe, merluza, cogumelos...; buscarase a rendibilización por parte da hostelería e do comercio da vila de San Andrés de Teixido; rematarase o Curro da Capelada).
- Realizaremos un **centro de interpretación da Serra da Capelada** e sinalizáremola creando **rotas de sendeirismo** e de **bicicletas de montaña** de xeito que se faga posible un mellor aproveitamento turístico-cultural da Serra.
- Traballaremos na mellora do sector forestal potenciando a **certificación da madeira**, a **apertura de pistas forestais**, a **creación depósitos para carga de madeira** e vixiando o cumprimento das distancias das plantacións ás vivendas.
- Revitalizaremos a praza dos sábados a través da posta en valor do **produto autóctono**, adhesión do concello ao movemento denominado km 0 (quilómetro cero), a través do que se pretende fomentar o consumo e comercialización do produto propio.
- Implantaremos o **espazo wifi no concello de Cedeira**, o que suporá facilitar o acceso de todas as parroquias a internet, así como o abaratamento do servizo en todo o concello.
- **Procederemos á adecuación do auditorio da Praza da Constitución** para o seu mellor aproveitamento e disfrute para a realización de actuacións musicais e culturais.
- **Fomentaremos o movemento asociativo**, revitalizando as relacións do concello coas distintas asociacións. Estableceremos unha **liña de axudas económicas ás distintas entidades** para que poidan realizar as actividades que se propoñan en base a criterios transparentes, obxectivos e democráticos. Promoveremos a participación das distintas asociacións na revitalización de festas como o entroido, samaín, cabalgata de reis....
- Traballaremos polo medio ambiente **eliminando os vertedoiros incontrolados** e recuperando e **limpando os ríos do concello** para un mellor aproveitamento e disfrute dos mesmos.
- Melloraremos as instalacións e colaboraremos con todas as entidades deportivas do concello (**alumeado, renovación das duchas e creación de novos aseos no campo municipal do Beco, recuperación da Festa do Deporte...**).
- Comprometémos a seguir traballando por uns **servizos sociais públicos e de calidade** para o que loitaremos pola **creación dun centro de día** e pola **ampliación da escola infantil**.
- Comprometémos tamén a **traballar pola igualdade de xénero** dun xeito transversal en todas as accións a desenvolver dende o Concello. Así como a poner todos os mecanismos necesarios para a **prevención e tratamento da violencia de xénero**.
- Levaremos a cabo o **saneamento dos núcleos rurais**: depuración de augas residuais así como o **desbroce e a mellora das pistas**.

- Buscaremos a **cooperación do concello coa confraría** para atopar as solución máis axeitadas para a problemática actual do irracional sistema de cotas e para a mellora das infraestruturas e servizos portuarios de todo tipo, tanto pesqueiros como deportivos.
- O que buscamos dende o BNG é mellorar a calidade de vida de todos os veciños e veciñas de Cedeira. Xa é hora de que o **BNG volva a gobernar**. O BNG foi o único partido que gobernou para todos, gobernou para o deporte, para as asociacións, para os traballadores, para os empresarios, para o mar, para o rural, sen crear división nin enfrontamentos. Por iso é polo que che pedimos o teu voto para o BNG, coa túa forza hai futuro, **vota BNG**.



## CANDIDATURA DO BNG POR CEDEIRA

- |  |   |
|--|---|
| 1. M <sup>a</sup> Xosé Rodríguez Pérez | 11. Victoria Pérez Freire               |
| 2. Andrés Pernas Díaz                  | 12. Fernando Iglesias Bouza             |
| 3. Cristina Prieto Lago                | 13. Ángeles Pérez Bouza                 |
| 4. Alejandro Bellón Fernández          | 14. Carlos González Sedes               |
| 5. Silvia Picos Lorenzo                | 15. M <sup>a</sup> Paz Díaz Pazos       |
| 6. Lino Castro Gago                    | 16. Francisco Lourido Rey               |
| 7. Manuela López Rodríguez             | 17. Ermitas Lorenzo Arribí              |
| 8. Antonio López Martínez              | 18. Fernando Ameneiros Graña            |
| 9. Florinda Muíño Novo                 | 19. M <sup>a</sup> Hermitas López Pérez |
| 10. Francisco Pérez Piñón              | 20. Xoán Xosé Rodríguez Pérez           |





www.bng-galiza.org  
facebook.com/bloquenacionalistagalego  
twitter.com/obloque

## **O 22 de maio terán lugar unhas eleccións municipais importantes para o concello e para o futuro do país.**

O Bloque Nacionalista Galego é unha forza comprometida con Galiza e cos concellos. Estamos comprometidos e comprometidas cos problemas das persoas. Eses son os nosos problemas e preocupacións: o emprego e o benestar social, o idioma e a cultura galega, a sanidade e o ensino públicos, un sistema financeiro galego ao servizo de pequenas empresas e autónomos, as enerxías limpas fronte á enerxía nuclear e a paz fronte ás guerras.

**O BNG quere gobernar os concellos para facer política a favor das persoas.** Somos quen de construír concellos para vivir e para traballar, concellos pola igualdade, sustentábeis e con calidade de vida, concellos que son orgullo de veciños e veciñas, concellos participativos e democráticos desde os que tamén construímos Galiza.

**O BNG é a única alternativa ás políticas de dereitas, a única alternativa ás políticas que están exclusivamente ao servizo dos banqueiros e das grandes empresas,** a única alternativa á privatización, á diminución do gasto social, ao recorte de salarios e pensións e á suba de prezos que aplican tanto a Xunta de Galiza como o Goberno español, e que queren levar tamén aos concellos.

**En Galiza hai alternativa a estas políticas e hai futuro para os concellos.**



**Se desexas recibir máis información sobre o Programa e Liña Política do BNG, dirixete : BNG. Avda. Rodríguez de Viguri, 16 baixo. 15703 Santiago de Compostela. GALIZA**

Nome e apelidos .....

Enderezo .....

correo electrónico .....